

Documento distribuído por



María Brey Mariño

Francisco Xavier Redondo Abal

(2014)



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / xenero@consellodacultura.org

MARÍA BREY MARIÑO

Se houbo unha integrante do Corpo Facultativo de Arqueiros, Bibliotecarios e Arqueólogos (CFABA) que, malia ser depurada, amosou como poucos unha xenerosidade sen límites para co seu país, probabelmente esa foi María Brey. Filla única do maxistrado estradense Juan Brey Guerra, que nos tempos da Segunda República ocupou un posto na Sala Segunda da Audiencia Territorial de Madrid e máis tarde alcanzaría a Maxistratura do Tribunal Supremo, María non foi só unha bibliotecaria honesta¹ e xenerosa, senón que a súa integridade na defensa dos valores democráticos traídos polo réxime republicano converterá a nosa protagonista nunha muller perseguida, humillada e silenciada.

María Brey Mariño naceu no concello ourensán da Pobra de Trives, onde o seu pai era xuíz de primeira instancia, o 4 de setembro de 1910 e foi inscrita no rexistro civil co nome de María del Corazón de Jesús Josefa Mercedes Juana. Cursou o bacharelato en Bilbo², probabelmente por ser o lugar onde estaba destinado seu pai nese momento. Realiza os seus estudos superiores de Filosofía e Letras na vella Universidade Central da madrileña rúa de San Bernardo e alí mesmo obtén o doutorado. Máis tarde, o 8 de agosto de 1931 ingresa por oposición no CFABA conseguindo o seu último ascenso dous anos despois³. Antes da guerra ocupaba o posto 229 na escala xeral.

O seu primeiro destino como profesional foi a biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela e a súa chegada a esta cidade quedará recollida pola prensa local⁴. Con todo, ficará moi pouco tempo en Galiza: a morte da súa nai en Madrid, en 1931, fixo que o pai de María tentara por todos os medios o traslado da súa filla á

capital do Estado. Para iso, Juan Brey contactou co seu amigo Ramón María Aldasoro quen, á súa vez, intercedeu ante Marcelino Domingo, ministro de Instrución Pública. Os esforzos de Aldasoro non deron froito inmediatamente, mais si sabemos que contra 1933 María traballa xa na Biblioteca da Presidencia do Consello de Ministros. Nese centro trabará unha profunda amizade con Manuel Azaña que naquel intre ampliaba as súas investigacións sobre o escritor Juan Valera, publicadas na década dos anos vinte⁵. Azaña confiaba en que a galega lle achegaría información sobre as novidades editoriais que fosen aparecendo sobre a figura do autor cordobés. María permanecerá naquel centro até o inicio da Guerra Civil.

Antes, a Xunta para a Ampliación de Estudos e Investigacións Científicas – organismo creado en 1907– outorgoulle unha beca para traballar no Centro de Estudos Históricos, entidade xurdida en 1910 e onde coñecerá e tratará á intelectualidade máis sobranceira do momento, entre outros ao seu mestre, Claudio Sánchez Albornoz, mais tamén a Américo Castro, Manuel Gómez Moreno, Ramón Menéndez Pidal, etc.

Os anos que durou a Segunda República foron, sen dúbida, moi especiais para María porque, entre outras cuestións, a nosa bibliotecaria pertence a aquela nova xeración de homes e mulleres fortemente comprometida co proxecto cultural e educativo republicano, xentes nadas ao redor da primeira década do século XX, ateigados de vitalidade, cheos de ilusións e posuidores dunha nova forma de entender a súa profesión –máis aberta, menos elitista– que consideraron prioritaria a socialización do libro e a lectura, a apertura dos arquivos e os museos arqueolóxicos, a renovación bibliográfica e, en definitiva, o espallamento da cultura por todos os recunchos do país. María Brey, amante da novela policial, tamén encontrou naqueles primeiros anos da República unha persoa que a marcará de por vida, tanto que acabarán casando en

Valencia nunha cerimonia civil o 30 de xaneiro de 1939: Antonio Rodríguez-Moñino⁶. Nacido ao igual que María no ano 1910, o extremeño de Calzadilla dos Barros foi un home dunha extraordinaria cultura, un erudito no sentido máis puro do termo e un bibliógrafo sobresaínte. Licenciado en Dereito e Filosofía pola Universidade de Madrid e catedrático de instituto en 1935, a principios da Guerra Civil, en concreto o 29 de xullo de 1936, Rodríguez-Moñino foi nomeado técnico da Xunta de Incautación e Protección do Patrimonio Artístico, dirixindo a salvación do patrimonio bibliográfico por orde expresa de Navarro Tomás. Rodríguez-Moñino será o máximo responsábel da salvagarda dos fondos documentais e bibliográficos susceptíbeis de incautación. Foi ademais –xunto o citado Navarro Tomás– o encargado de responder ás insidias e falsidades de Miguel Artigas verbo a protección da riqueza bibliográfica ameaza polos lumes devastadores dos bombardeos aéreos franquistas⁷.

A relación entre Rodríguez-Moñino e Brey Mariño tivo o seu primeiro froito en 1933, cando o primeiro publicou *Dictados tópicos de Extremadura*, un conxunto de materiais folclóricos de carácter xeográfico referentes a Extremadura⁸. A bibliotecaria redactou unha extensa bibliografía folclórica, dous índices xeográficos (un para Badaxoz e outro sobre Cáceres), varios apéndices e un índice onomástico.

Co remate da contenda, Rodríguez-Moñino elixiu permanecer no seu país, descartou o exilio e pagouno caro. Foi denunciado por un catedrático da Universidade Central de Madrid, Antonio Ballesteros Beretta, que o acusou do roubo de dous códices de Bernal Díaz del Castillo depositados no Centro de Estudos Históricos e ingresou no cárcere de xeito inmediato. Xulgado en Consello de Guerra o 15 de novembro de 1939, Rodríguez-Moñino quedou libre de todos os cargos. Máis tarde, foi inhabilitado para o ensino durante vinte anos e despojado da súa cátedra. Morreu en Madrid en 1970⁹.

En 1934 María Brey publicou o seu primeiro traballo como tradutora, concretamente a obra de Maurits Sabbe titulada *Arias Montano y Barrefelt: Miël y la teología ortodoxa*, tirado do prelo madrileño de Gabriel Molina e que tamén apareceu publicado no número VIII da *Revista del Centro de Estudios Extremeños*. Paralelamente, participa en congresos e xuntanzas de investigación bibliotecaria e aínda ten tempo de dirixir eventos, como por exemplo a I Exposición do Libro Extremeño. De novo e como noutros casos, a guerra paralizouno todo.

María Brey e o seu pai foron evacuados en novembro de 1936 do Madrid cercado cara a Valencia, onde traballou primeiro na Casa da Cultura que dirixía Antonio Machado, e na Oficina de Adquisición de Libros xunto a María Moliner, despois. O feito de permanecer na cidade do Turia será determinante no seu proceso de depuración e asistiremos a un xuízo contra a bibliotecaria extremadamente duro, onde as acusacións vertidas polo instrutor Gómez del Campillo serán devastadoras e inapelábeis. Así mesmo, moitos compañeiros de profesión declararán contra María.

O 23 de outubro de 1939 Gómez del Campillo solicitou ao director xeral de Seguridade que lle remitira “las anotaciones que aparezcan en el fichero personal que ese organismo posee” sobre María Brey Mariño e vinte funcionarios máis¹⁰. Sete días despois, o xuíz instrutor sinalaba nun oficio a necesidade de incluír a María Brey no apartado b) do artigo 5º da Lei do 10 de febreiro de 1939 –retención do 50% do soldo– pois segundo afirmaba era “persona de confianza de las autoridades rojas y del llamado Frente Popular, inseparable del nefasto Rodríguez-Moñino, de quien más tarde es consorte”. Ademais, estaba o feito de traballar na Casa de Cultura de Valencia, “de significación roja y dirigida por Navarro Tomás”¹¹. Unha Orde do Ministerio de Educación Nacional do mesmo día 30 de outubro daba a súa conformidade ao escrito de

Gómez del Campillo e María Brey quedaba “suspensa en el ejercicio de su cargo y sujeta al 50% de su haber mensual”. Xunto a ela aparecen tamén sancionados os funcionarios Justo García Soriano e Hortensia Lo Cascio Loureiro¹².

O seguinte paso dado por Gómez del Campillo foi solicitar da Delegación do Estado para a Recuperación de Documentos os antecedentes político-sociais de Brey Mariño e trece funcionarios máis. A resposta enviada dende Salamanca sobre a bibliotecaria inclúe, literalmente, un delito atroz: “Esposa de Rodríguez-Moñino”¹³.

A mediados de decembro de 1939, Gómez del Campillo púxose en contacto co gobernador civil de Valencia e solicitoulle informes sobre a conduta política, social e moral da bibliotecaria ourensá, deixando claro novamente que era “persona afecta a los rojos”. Ademais, o xuíz instrutor inquiría algo novo: coñecer os detalles dunha viaxe a París, “comisionada por el Gobierno rojo”, en plena contenda. O importante neste asunto non era a viaxe en si, que tamén, senón e sobre todo, o regreso do mesmo, pois como explicará o investigador no prego de cargos, María volveu á Valencia leal, non ao territorio “liberado” polos sublevados.

Sabemos que María Brey foi chamada a comparecer no xulgado instalado no Arquivo Histórico Nacional o día 11 de xaneiro de 1940, co fin xa coñecido de presentar o seu prego de descargos e demais documentos que puidesen exculpala. Podemos imaxinar o ambiente que alí se respiraba, especialmente se antes botamos unha ollada ao prego de cargos definitivo contra ela escrito por Gómez del Campillo e redactado o 25 de xaneiro de 1940. Véxamos o seu contido.

Ao longo de nove puntos, o xuíz instrutor retoma todas e cada unha das acusacións contra María, tentando ao mesmo tempo desvirtuar as alegacións

presentadas pola bibliotecaria. Como en todos os expedientes de depuración, aquí reina a subxectividade, o concepto moral da investigada, a súa opinión política e a carencia das mínimas garantías de defensa.

Gómez del Campillo comeza o seu escrito acusando a María Brey de “izquierdista y nada cordial con los compañeros”¹⁴, advertindo o relator que o segundo é unha consecuencia lóxica do primeiro. Para chegar a semellante afirmación, o xuíz instrutor acode ao testemuño do gobernador civil de Valencia que non dubidou en asegurar: “Era notorio que era ultraizquierdista, tenía amistades íntimas con los rojos, e incluso vivía en 'república' de rojos” [sic]. Pola súa parte, o delegado de Información e Investigación de FET de las JONS, Ponce de León, asegura que María “era afecta al Gobierno rojo y Frente Popular”. De igual xeito, varios funcionarios do CFABA declararon negativamente e nos seguintes termos contra a nosa protagonista: “tenía trato con personas del Frente Popular y se desenvolvía bien entre ellos”, “era persona de izquierdas y nada afecta al Movimiento”, “de marcada ideología izquierdista”, etc. En definitiva, unha serie de “argumentos” cunha sólida base xurídica.

María presentara nas súas alegacións a declaración dunha bibliotecaria boa amiga súa: Carmen Pescador del Hoyo, que falou positivamente da ourensá. O problema veu axiña. Ambas as dúas descoñecían que Gómez del Campillo, home previsor, tiña xa no seu poder o expediente republicano de Pescador del Hoyo. Esta bibliotecaria traballaba no Arquivo Xeral de Alcalá de Henares e atopábase en León no momento de estalar a contenda, probabelmente de vacacións. Alí permaneceu os tres anos da guerra onde pasou a traballar na biblioteca provincial. Isto significa que, nun principio, o feito de non trasladarse á zona leal deixaba en Pescador del Hoyo unha aparencia de “persoa de orde e afecta”. O malo foi que no expediente achado por

Gómez del Campillo –e redactado, como vimos, polas autoridades republicanas– podía lerse: “Readmisión, pero no mencionarla. Está en León y no se tienen noticias de ella”. O razoamento para o inquisidor foi fácil: se Pescador del Hoyo é culpábel por roxa¹⁵, a súa defendida, tamén.

Outros cargos contra María Brey foron a súa militancia no socialista Sindicato de Trabajadores en Archivos, Bibliotecas y Museos (STABYM), co número vinte e nove de carné, e o seu paso pola Xunta de Adquisición de Libros en Valencia. Neste organismo María sería a persoa de confianza doutra María, Moliner¹⁶, e por tanto afecta ao goberno “rojo” e á Frente Popular. Así o declarou Rafael Raga Miñana, que por aquel entón traballaba na Biblioteca Popular de Valencia e que, segundo Gómez del Campillo, estaba “minuciosamente enterado de la vida y significación de los funcionarios del Cuerpo que en aluvión van a Valencia”.

Con todo, será a viaxe antes referida a París a que despexaría as dúbidas –se aínda quedaba algunha– do xuíz instructor. María estivo quince días na capital francesa comisionada polo Goberno da República e, como sinala Gómez del Campillo, “volvió a zona roja (...) no tuvo ocasión de escribir a la zona Nacional, bien a la Junta de Cultura, a las autoridades del Cuerpo, a algún amigo o compañero del Cuerpo...”, engadindo ironicamente, “incluso a la Srta. Pescador...”. Así, conclúe o investigador, “es más cómodo, en su ideario, volver a Valencia...”.

Un cargo relevante contra María foi o que facía relación ás actividades da bibliotecaria en Madrid durante a guerra e, máis concretamente, sobre as cuestións denominadas “incautacións de bibliotecas”, en que, segundo Gómez del Campillo, Brey Mariño “interviene despoticamente”. Para iso, o xuíz apoiouse nas grotescas declaracións de varios funcionarios: María “aunque no ostentó ningún cargo de relieve,

intervino activamente en las incautaciones, dirigiendo en la Biblioteca Nacional la carga y descarga de camiones, gozando en ver trabajar a sus compañeros en la descarga de libros, mientras ella y Asunción Martínez Bara¹⁷, sentadas comodamente se reían de las penalidades”; ou ben esta outra: quen declara “conoce bien los antecedentes y actuación de Doña María Brey Mariño, la cual estaba estrechamente unida a Doña Asunción Martínez Bara, y ambas funcionarias, juntamente con el Sr. Rodríguez-Moñino, eran el triunvirato que dirigía las incautaciones, o sea, el desvalijamiento de las bibliotecas particulares, cuyos libros tenían que descargar los funcionarios del Cuerpo, bajo la mirada sonriente, triunfal y despectiva del mencionado triunvirato”. Sobre estes asuntos referentes ás incautacións de bibliotecas privadas no Madrid republicano convén realizar algunhas consideracións.

O 21 de xullo de 1936, a sublevación en Madrid dábase por fracasada. A partir dese momento, as organización políticas e sindicais que integraban a FP lanzáronse nunha imparábel carreira para ocupar e incautar edificios, pazos da aristocracia, casas da nobreza e propiedades da Igrexa. Sabemos que a Agrupación Socialista Madrileña chegou a incautar 900 edificacións. A Alianza de Intelectuales Antifascistas (AIA) confiscou o pazo dos condes de Heredia Spínola; as Juventudes Socialistas Unificadas (JSU) ocuparon o que pertencía ao duque de Fernán Núñez; o Pazo de Liria caeu nas mans do PCE mentres o de Medinaceli foi parar á Brigada Motorizada... Todos aqueles lugares posuían unhas bibliotecas e arquivos particulares dun valor bibliográfico excepcional e as autoridades republicanas concluíron que a súa protección era xa unha cuestión tan primordial como urxente.

Por iso, e a iniciativa da AIA, un Decreto de 23 de xullo de 1936 daba nacemento á chamada Xunta de Incautación e Protección do Tesouro Artístico¹⁸, que

axiña substituirá na súa denominación o termo “Tesouro” polo máis axeitado de “Patrimonio”. A Xunta estivo constituída por sete membros que elixiron presidente a Carlos Montilla, actuando como secretario Arturo Serrano Plaja. A sede quedou instalada no Museo de Arte Moderno, en concreto no despacho do seu director, Ricardo Gutiérrez Abascal. Mais, o destacábel foi que o novo organismo posuía potestades para intervir “con amplias facultades cuantos objetos de arte o históricos y científicos se encuentren en los palacios ocupados, adoptando aquellas medidas que considere necesarias a su mejor conservación e instalación...”, segundo recollía o Decreto de 23 de xullo¹⁹. A Xunta evolucionou e a finais de agosto contaba xa con case trinta integrantes e varias comisións, entre elas a de Arquivos e Bibliotecas onde atopamos xunto a Rodríguez-Moñino a catro facultativas: Consuelo Vaca, Asunción Martínez Bara, Matilde López Serrano e María Brey²⁰. Antes, un novo Decreto do día 1 de agosto incidía en que a Xunta “procederá a la incautación o conservación en nombre del Estado de todas las obras, muebles o inmuebles, de interés artístico, histórico o bibliográfico, que en razón de las anormales circunstancias presentes ofrezcan, a su juicio, peligro de ruina, pérdida o deterioro”²¹. Deste xeito, quedaban moi ampliadas as responsabilidades do novo organismo.

Resulta indiscutíbel que moitos arquivos e bibliotecas, de titularidade privada, foron incautadas pola autoridades republicanas e, máis concretamente, pola citada Xunta de Incautación e Protección do Patrimonio Artístico. Tal foi así que a finais de setembro de 1936, a Biblioteca Nacional custodiaba máis de 250.000 volumes procedentes das incautacións²². Moitos daqueles fondos pertencían, como avanzamos, ás clases nobiliarias –bibliotecas privadas do conde de Villariezo, do duque de T'Serclaes, do marqués de Toca, do duque de Medinaceli, do conde de Viñaza, do marqués de Mirasol, do marqués de Santa Cruz...– e ordes relixiosas, en especial aos conventos,

como o das Carmelitas, Santo Antón, Trinitarias, Comendadoras de Santiago, etc. A realidade é que foron conservados dun xeito escrupuloso nas instalacións da Biblioteca Nacional e do Arquivo Histórico Nacional. Non é menos certo que antes das incautacións, como relatou Rodríguez-Moñino, aquelas “bibliotecas de la nobleza eran exhibidas casi siempre con el orgullo con que podría enseñar una buena cuadra o una colección de pipas, generalmente sin dejar que nadie trabajara en aquellas bibliotecas”²³. Por tanto, o obxectivo último daquelas incautacións era dobre: protexer o patrimonio documental –tanto dos bombardeos franquistas como dos posíbeis saqueos dos comités revolucionarios– e, ao mesmo tempo, difundir un material oculto ao que moi poucos podían acceder. En palabras do bibliófilo extremeño: “Desde ahora en adelante, en la España leal tendrán a su disposición todos los trabajadores dignos, además del conocido, muchísimo material que ignoraban o que nunca pudieron consultar”²⁴. Outra vez, a difusión cultural como eixo da política republicana de instrución.

Seguindo coa nosa protagonista, por estraño que semelle, María Brey foi incluso acusada de ser “profesora de cursillos para encargados de bibliotecas”, delito tremendo que realizaba na compañía dos agora exiliados Agustín Millares Carlo e Teresa Andrés Zamora e dos sancionados Francisco Rocher, María Moliner, Asunción Martínez Bara e outros. Outra acusación, non menos disparatada, sostén que nunca foi detida en Madrid polos milicianos republicanos. Por último, xa entrando no vórtice da paranoia, Gómez del Campillo fala do roubo de moedas de ouro do Museo Arqueolóxico Nacional, feito que o matrimonio Rodríguez-Moñino - Brey Mariño debeu realizar nun suceso semellante ao do famoso e imaxinario ouro de Moscova.

E xa para rematar, a bibliotecaria vai ser acusada de “llegar a la Biblioteca en automóvil, cosa que en aquellos tiempos estaba reservada a las personas de alguna

significación en el campo izquierdista” e de que “hacía ostentación de que podía comer bocadillos, mientras los demás pasábamos hambre, y pasaba muchas horas en las terrazas de los cafés”.

Con este panorama, Gómez del Campillo finalizará o seu oficio cun cínico comentario de propostas de sanción:

Según lo probado en este expediente, a juicio del que suscribe [sic], sería bastante para aplicar a la interesada la sanción de separación definitiva del servicio, pero si se quiere usar de máxima indulgencia y generosidad, no siempre agradecida, podrían aplicarse las siguientes sanciones por estar comprendida en el apartado D del artículo 9º de la Ley de 10 de Febrero de 1939:

Traslado forzoso, con prohibición de solicitar cargos vacantes durante un periodo de 5 años.

Postergación durante cinco años.

Inhabilitación para el desempeño de puestos de mando o de confianza.

V.I. acordará lo que estime más procedente.

Dios guarde a V.I. muchos años.

Madrid, 25 de enero de 1940.

As propostas do xuíz instructor foron asumidas integramente nunha Orde asinada polo ministro de Educación Nacional Ibáñez Martín o 30 de xaneiro de 1940 e publicada días máis tarde²⁵. Ese mesmo ano, María Brey comezou a traballar no Arquivo

da Delegación de Facenda de Huelva. Na *Escalilla* do Corpo Facultativo de febreiro de 1941 María ocupa agora o posto 201, cunha chamada que literalmente di: “Por sanción de 6-V-40 le corresponde perder treinta puestos. Iba detrás de la Srta. Sáez Prats y le corresponde ir detrás de la Srta. Artigas”²⁶. En 1942, a bibliotecaria agora “reconvertida” en arquivista escíbelle unha carta á súa sogra na que lle di que está acostumada “a recibir batacazos”, e na que se laia de “ver perderse injustamente años de trabajo”²⁷. Con todo, a persecución a María Brey Mariño aínda non rematara. Nin moito menos.

Malia que dende 1943 a ourensá está en comisión de servizo na Biblioteca das Cortes, a persecución xudicial non se detivo. Meses despois daquela primeira depuración, María sufriu unha segunda, esta vez como colaboradora no Centro de Estudos Históricos. Outra vez Ibáñez Martín asinaba unha Orde, o 19 de xuño de 1940, con idénticas sancións que na anterior sentenza²⁸. Aquela comisión de servizo, por tanto provisional durará, con todo, até 1961. Cansada, ese ano María solicitará a excedencia voluntaria²⁹.

Porén, aqueles anos non foron estériles para a nosa bibliotecaria. Pese aos atrancos, María traballará arreo na tradución e edición de textos clásicos. Marcada de por vida naquela España miserábel e opaca, María fará fronte común cultural co seu home, Rodríguez-Moñino. Este, baixo o auspicio da Editorial Castalia, dirixiu en Valencia coleccións literarias como *Gallardo* e *Ibarra*³⁰, ambas as dúas levando o subtítulo: *Colección de opúsculos para bibliófilos*.

A primeira desas coleccións, *Gallardo*, iniciou a súa andaina en 1947 e chegaronse a tirar do prelo dez números. No primeiro deles, María Brey colaborou traducindo do francés a obra de Charles Asselineau titulada *El infierno del bibliófilo*. Ao ano seguinte, 1948, Castalia editaba no número seis da mesma colección un pequeno

traballo de Paul Lacroix, *Los aficionados a los libros viejos*. María, ademais da tradución do orixinal, redactou o seu limiar.

Naquel ano de 1948 cesou a colección *Gallardo*, sendo rapidamente substituída por *Ibarra*. No seu primeiro número, María realizou a tradución da obra de Charles Nodier titulada *El bibliómano*, que apareceu en edición conxunta con *Subasta de mi biblioteca*, de Octave Uzanne. Ambas as dúas ían prologadas por Rodríguez-Moñino. En 1949, tamén en Castalia, María publicou o seu estudo *Viaje a España del pintor Henri Regnault (1868-1870): España en la vida y en la obra de un artista francés*, cuxa segunda edición ampliada data de 1964.

Ademais, María redactou as edicións críticas do *Libro del Buen Amor*, de Juan Ruiz, o arcipreste de Hita (a 19ª edición é do 2005), e o *Lapidario* de Alfonso X o Sabio. O exilio voluntario da parella en Nova York dende 1961 –motivado polo veto do ministro franquista de Educación, Jesús Rubio, para que Rodríguez-Moñino entrase na Real Academia Española substituíndo ao falecido Gregorio Marañón³¹– deu os seus froitos cando, entre 1965 e 1966, a Hispanic Society of America publicou os tres volumes do *Catálogo de los manuscritos poéticos castellanos existentes en la Biblioteca de la Hispanic Society of America (siglos XV, XVI y XVII)*, escrito en colaboración co seu home. Tamén esa mesma institución publicou en 1965 a biografía de A.M. Huntington narrada por Beatrice Gilman Proske e traducida pola bibliotecaria ourensá.

Cando María Brey Mariño faleceu en Madrid aos 85 anos de idade, un catedrático de Literatura Española na Universidade Complutense, Víctor Infantes, publicou nun xornal da capital unha sentida homenaxe necrolóxica³². Eran amigos e froito da súa colaboración sacaron á luz en 1996 o libro *Relación de la coca y de su origen y principio y por qué es tan usada y apetecida de los indios naturales deste*

Reyno del Pirú, publicado en Santafé de Bogotá polo Instituto Caro y Cuervo. Infantes cualificou a María naquela necrolóxica como “gallega de pro” e escribiu: “Una parte de nuestra memoria cultural se queda resguardada en nombres como el suyo, inserto entre la nómina de todos nuestros recuerdos, presente en la labor, a veces tan callada, de lo que de su vida nos regaló para siempre”. E non erraba o catedrático.

Por disposición testamentaria, María Brey Mariño legou á Real Academia Española unha das bibliotecas privadas de e sobre literatura española máis importantes do mundo: 17.000 volumes, 200 manuscritos, moitos do século XV, 450 impresos dos séculos XVI e XVII, 147 láminas de cobre, 3.737 estampas onde un cento son de Durero e outros tantos de Goya, case un milleiro de debuxos e unha vasta e valiosa correspondencia con escritores e hispanistas de todo o mundo. Foi preciso acondicionar na Real Academia unha sala especial que foi inaugurada o 5 de outubro de 1995.

Así foi de xenerosa esta bibliotecaria intelixente e honesta co país que tanto a maltratou.

- [1](#) Francisco Xavier Redondo Abal, “A honestidade dunha bibliotecaria galega e republicana: María Brey Mariño”. En: *Galegos*, núm. 13-I, 2011, pp. 121-128.
- [2](#) Agustín Ruiz Cabriada, *Bio-bibliografía del Cuerpo Facultativo de Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos: 1858-1958*. Madrid: Junta Técnica de Archivos y Bibliotecas, 1958, p. 166.
- [3](#) *Escalafón del Cuerpo Facultativo de Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos, totalizado en 31 de octubre de 1935*. Madrid: Imprenta Góngora, 1935.
- [4](#) *El Compostelano: diario independiente* (Santiago de Compostela), 20 de agosto de 1931.
- [5](#) As obras de Manuel Azaña sobre Juan Valera eran: *La novela de Pepita Jiménez*, Madrid: Imprenta de la Ciudad Lineal, 1927, e *Valera en Italia: amores, política y literatura*, Madrid: Páez, 1929.
- [6](#) Hoxe sabemos que aquel matrimonio civil foi precedido, catro días antes, por unha celebración relixiosa, e case clandestina, celebrada nunha oficina da Escola de Artesáns. Alí oficiou Vicente Blanco, sacerdote e latinista aragonés, actuando como madriña e testemuña María Moliner. Véxase: Inmaculada de la Fuente, “María Brey: humor, amor y bibliotecas”. En: *Clarín: revista de nueva literatura*, núm. 97, 2012, p. 43.
- [7](#) Para coñecer a etapa de Rodríguez-Moñino durante a Guerra Civil resulta fundamental: Romà Seguí i Francès, “Don Antonio Rodríguez-Moñino en la Valencia de la guerra civil (1937-1939): el itinerario

de un intelectual comprometido con la causa republicana”. En: *En defensa de la cultura: Valencia, capital de la República (1936-37)*, València: Universitat de València, 2008, pp. 134-165

- [8](#) Antonio Rodríguez-Moñino, *Dictados tópicos de Extremadura*, Badaxoz: Editora de Antonio Arquerros, 1933.
- [9](#) Rafael Rodríguez-Moñino Soriano, *El bibliógrafo extremeño D. Antonio Rodríguez-Moñino y la Real Academia de la Historia, la Fundación Lázaro Galdiano y el Real Colegio Universitario 'Escorial-María Cristina'*, Madrid: Beturia, 2003.
- [10](#) Archivo General de la Administración, Alcalá de Henares (AGA). Educación, 31/7083. Oficio núm. 105, 23 de outubro de 1939.
- [11](#) AGA. Educación, 31/7083. Oficio núm. 116, 30 de outubro de 1939.
- [12](#) AGA. Educación, 31/6058. Orde MEN, 30 de outubro de 1939.
- [13](#) Centro Documental da Memoria Histórica (Salamanca). Fondo: Delegación Nacional de Servicios Documentales. Serie: Fichero General de la Sección Político-Social, núm. 19456.
- [14](#) Todas as citas textuais en: AGA. Educación, 31/7083. Oficio núm. 229, 25 de xaneiro de 1940.
- [15](#) Nacida en Guadalaxara en 1911, Carmen Pescador del Hoyo foi acusada de “comunista” e de pertencer á Institución Libre de Enseñanza. Traslada á Biblioteca Pública de Zamora, en maio de 1941 foi sancionada coa inhabilitación para desempeñar postos de mando, postergación durante cinco anos, prohibición de solicitar postos vacantes durante o mesmo período de tempo e, ademais, afastamento de toda biblioteca “donde pueda tener comunicación con el público juvenil”. Orde do 12 de maio de 1941, BOE, 24 de maio de 1941.
- [16](#) Sobre a María Moliner bibliotecaria existe hoxe, afortunadamente, unha ampla bibliografía. Véxanse a modo de exemplo: Ramón Salaberría, “María Moliner y la memoria arrancada”. En: *Educación y biblioteca*, núm. 86, 1998, pp. 8-9, dentro do especial titulado “Homenaje a María Moliner”. Pilar Faus Sevilla, *La lectura pública en España y el plan de bibliotecas de María Moliner*, Madrid: ANABAD, 2000. Luis Orera Orera, “María Moliner: sus aportaciones a la política bibliotecaria de la Segunda República”. En: *Boletín de la Asociación Andaluza de Bibliotecarios*, núm. 62, 2001, pp. 49-62. Inmaculada de la Fuente, *El exilio interior: la vida de María Moliner*, Madrid: Turner, 2011. En decembro de 1939 Moliner foi sancionada con postergación e inhabilitación para o desempeño de postos de mando. BOE, 22 de xaneiro de 1940.
- [17](#) Asunción Martínez Bara naceu en Huesca en 1906 e ingresou no CFABA no verán de 1930. Destinada na Biblioteca Nacional, durante a guerra foi evacuada a Valencia polas autoridades republicanas que no seu expediente a cualificaron como “moi leal”. Iso propiciou que en decembro de 1939 fose acusada de anticlerical e marxista e sancionada co traslado forzoso a Soria e a postergación durante dous anos. BOE, 22 de xaneiro de 1940.
- [18](#) *Gaceta de la República*. Decreto, 25 de xullo de 1936.
- [19](#) Sobre estas cuestións resulta fundamental: José Álvarez Lopera: “La protección de los archivos y bibliotecas en el Madrid de la Guerra Civil”. En: *Cultura escrita y sociedad*, núm. 6, 2008, pp. 150-183.
- [20](#) Rodríguez-Moñino cita a un quinto integrante da Comisión: o compostelán Ramón Iglesia Parga.
- [21](#) *Gaceta de la República*. Decreto, 2 de agosto de 1936.

- [22](#) Álvarez Lopera calcula que foron máis dun millón os volumes recollidos ao finalizar a guerra.
- [23](#) *Protección del tesoro bibliográfico nacional: réplica a Miguel Artigas, op. cit.* Utilizamos o texto recollido en *Biblioteca en guerra*, Madrid: Biblioteca Nacional, 2005, p. 217.
- [24](#) *Íbidem.* p. 221.
- [25](#) BOE, 8 de febreiro de 1940.
- [26](#) *Escalilla del Cuerpo Facultativo de Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos, totalizada en 20-2-1941.* Madrid: Imprenta Góngora, 1941.
- [27](#) Inmaculada de la Fuente: “María Brey: humor, amor...”, *op. cit.*, p. 42.
- [28](#) BOE, 27 de xullo de 1940.
- [29](#) BOE, 21 de febreiro de 1961.
- [30](#) Nomes dados na honra de dous sobresañtes bibliófilos: Bartolomé José Gallardo e Joaquín Ibarra.
- [31](#) Camilo José Cela propuxera en 1959 a candidatura de Rodríguez-Moñino para a súa entrada na RAE, mais a falta de consenso fixo que a decisión se aprazara até 1960, ano da morte de Marañón, que deixaba unha cadeira baleira e moi propicia para o bibliófilo extremeño. Con todo, tivo que agardar até 1966, ano en que Rodríguez-Moñino foi elixido académico electo.
- [32](#) Víctor Infantes, “Ha muerto María Brey Mariño”. En: *El País* (Madrid), 8 de febreiro de 1995.